



TURISMO
DE
GALICIA

galicia

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Datos provinciais

Abril 2025



PROVINCIA DE A CORUÑA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	142.870	2,8%	251.034	7,1%	1,76	4,2%	46,03%	2,87
PENSIÓNS	46.722	-15,5%	70.785	-9,2%	1,52	7,5%	33,28%	-1,88
ESTAB. HOTELEIROS	189.593	-2,4%	321.819	3,1%	1,70	5,6%	42,45%	1,60
APTOS. TURÍSTICOS	10.988	45,9%	23.203	39,7%	2,11	-4,2%	28,42%	8,48
CAMPINGS	5.134	23,5%	7.749	1,6%	1,51	-17,7%	11,74%	2,83
TURISMO RURAL	8.085	34,5%	10.596	38,1%	1,31	2,7%	27,17%	8,67
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	24.207	36,7%	41.548	30,2%	1,72	-4,8%	-	-
TOTAL	213.800	0,9%	363.367	5,6%	1,70	4,7%	-	-

- Na provincia de A Coruña rexístranse neste mes de abril preto de 214 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 363 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento -hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e aloxamentos de turismo rural-, cifras que presentan unha variación dispar en relación ao pasado ano. En particular, crece o número de noites un 5,6% grazas á mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados mantense estable en comparación co dato de abril de 2024.
- Con este comportamento A Coruña recupera o comportamento positivo da demanda de xaneiro e febreiro despois da caída rexistrada en marzo e de alternar meses de caídas con estabilidade do número de noites nos últimos meses de 2024. Neste punto o comportamento de A Coruña, a pesar de ser positivo, fica quince puntos por debaixo da media do conxunto da comunidade. De feito é a provincia de peor dinámica en termos relativos no sentido de que presenta o incremento de menor intensidade.
- Co 43% do total da comunidade A Coruña é a provincia de maior volume e peso da demanda en Galicia neste mes de abril. Ocupa este posto por sétimo mes consecutivo substituíndo a Pontevedra -a provincia de maior peso de xullo a setembro-, consolidando así a distribución observada nos primeiros meses de 2024. Tal circunstancia é propia, en realidade, dos meses de temporada baixa e media.
- O comportamento positivo da demanda na provincia de A Coruña vén como consecuencia dos crecementos observados en case todas as tipoloxías de aloxamento, con subas que van do 2% nos cámpings ao 7% nos hoteis e a máis do 35% nos apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural. Marcan a excepción as pensións, que neste contexto positivo presentan unha caída do 9% no número de noites.



- Neste contexto apréciase que A Coruña é a única provincia con comportamento negativo das pensións, e tamén a que presenta o crecemento máis moderado no ámbito dos cámpings.
- En A Coruña o 89% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 69% nos hoteis e un 20% nas pensións-. O 11% restante repártese entre as tres modalidades extrahoteleiras, cun peso diferente entre os apartamentos turísticos –co 6.4% do total-, os cámpings e os aloxamentos de turismo rural –ambos con arredor do 2-3% neste caso-. Esta distribución é propia dun período de temporada media-baixa e cambia en relación á observada no verán no sentido de que perde peso o segmento non hoteleiro e sobre todo os cámpings. Os hoteis continúan liderando o mercado turístico na provincia absorbindo sete de cada dez noites.
- Con datos do sector hoteleiro obsérvase que o 60% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, porcentaxe que inclúe ao mercado interno, dos residentes en Galicia –supón o 18%- e ao receptor nacional, españois que proceden doutras comunidades autónomas –segmento que representa o 42% do total da demanda-. O 40% corresponde ao turismo internacional, segmento que por vez primeira nos últimos cinco meses supera ao interno.
- Con esta distribución apréciase que en realidade máis do 80% da demanda na provincia de A Coruña corresponde ao mercado receptor, procedente de fóra de Galicia.
- Neste ámbito concreto apréciase un comportamento variable dos tres grandes segmentos de mercado. Así, neste mes increméntase o turismo de ámbito nacional –nun 13% o interno e nun 7% o que procede do resto do Estado- mais descende o internacional –nun 4% neste caso, circunstancia que acontece por cuarta vez de forma consecutiva neste 2025-.
- A Coruña é novamente a provincia con menor peso do mercado interno e, en paralelo, a que presenta maior cuota do mercado internacional. En cambio, e por vez primeira nos últimos catro meses, sitúase como a provincia con menor peso do mercado receptor nacional –o turismo procedente do resto do Estado-, co 42% do total-. Absorbe ademais boa parte do turismo estranxeiro en Galicia –o 51% das noites internacionais computan nesta provincia-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento parello a nivel de mercados. Así, neste mes increméntase o turismo de ámbito nacional –nun 37%- así como o internacional –nun 45% neste caso-.
- Con 1,7 noites de estadía media a provincia de A Coruña sitúase neste mes no contorno do valor medio do conxunto da comunidade, superando nun 5% o dato do pasado ano. Fica por debaixo da cifra rexistrada en Ourense e Pontevedra, superando nunha décima o valor de Lugo.
- Os apartamentos turísticos –con 2,1 noites de media- rexistran os valores máis elevados de toda a oferta de aloxamento. As restantes modalidades fican por debaixo das dúas noites –con 1,8 noites os hoteis, 1,5 noites as pensións e os cámpings e 1,3 noites os aloxamentos de turismo rural-.



- En termos comparativos os apartamentos turísticos e os aloxamentos de turismo rural da provincia de A Coruña rexistran a cifra de estadía media máis baixa de toda a comunidade.
- En termos de ocupación obsérvase unha evolución similar ao observado do lado da demanda. Así, sobe e mellora a porcentaxe do pasado ano en todas as tipoloxías agás nas pensións -onde a caída do número de noites leva a unha perda de case dous puntos na porcentaxe de ocupación-.
- Os incrementos achéganse aos tres puntos porcentuais nos hoteis e cámpings, e superan os oito puntos nos apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural.
- Os hoteis rexistran neste mes a cifra de ocupación máis alta cun 46,0% de media. No lado contrario a porcentaxe máis baixa cae do lado dos cámpings cun 11,7% neste caso.
- Dúas modalidades en concreto -os hoteis e os aloxamentos de turismo rural- rexistran en A Coruña o nivel de ocupación máis alto de toda Galicia. Acadan tamén unha porcentaxe elevada na provincia, en paralelo ao observado en Lugo, as pensións e os apartamentos turísticos.



PROVINCIA DE LUGO

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	49.635	24,9%	81.718	28,2%	1,65	2,7%	42,58%	6,87
PENSIÓNS	30.578	34,8%	40.010	33,9%	1,31	-0,6%	33,89%	6,70
ESTAB. HOTELEIROS	80.213	28,5%	121.728	30,1%	1,52	1,2%	39,27%	6,81
APTOS. TURÍSTICOS	7.750	120,7%	20.944	104,7%	2,70	-7,3%	28,46%	10,65
TURISMO RURAL	3.185	-4,0%	5.961	31,0%	1,87	36,4%	16,21%	6,03
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	10.935	60,2%	26.905	82,0%	2,46	13,6%	-	-
TOTAL	91.148	31,6%	148.633	37,1%	1,63	4,2%	-	-

- O INE non ofrece datos de cámpings para a provincia de Lugo. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e establecementos de turismo rural.
- En Lugo rexístranse neste mes de abril algo máis de 91 mil viaxeiros aloxados e preto de 149 mil pernoctacións no conxunto da oferta de aloxamento considerada, cifras que presentan unha variación similar en relación ao pasado ano. En particular, increméntase o número de noites un 37% como consecuencia dun crecemento parello da cifra de viaxeiros aloxados, do 32%, favorecida por unha mellora da estadía media -do 4% neste caso-.
- Neste sentido Lugo sitúase como a provincia de mellor comportamento en termos relativos neste cuarto mes de 2025, mellorando en 17 puntos a media do conxunto da comunidade.
- O 82% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro –un 55% nos hoteis e un 27% nas pensións-. O 18% restante corresponde ao ámbito non hoteleiro no que destacan singularmente os apartamentos turísticos pois absorben o 14% do total -cun peso próximo ás pensións-. Esta distribución aseméllase á observada nos últimos tres meses, cun notable peso do segmento hoteleiro mais tamén cun volume importante de demanda nos apartamentos turísticos.
- O bo comportamento da demanda turística na provincia de Lugo vén como consecuencia dos crecementos observados en todas as modalidades de aloxamento, con intensidade variable pero importante. Así sobe o volume de noites no ámbito hoteleiro -un 28% nos



hoteles e un 34% nas pensións- así como no segmento de turismo rural -nun 31%- e nos apartamentos turísticos -que dobran agora en abril os niveis de demanda do pasado ano-.

- Neste sentido Lugo é a provincia con mellor comportamento relativo da demanda nos hoteles -presenta a taxa de crecementos máis alta de toda Galicia-.
- Con datos do sector hoteleiro -que presenta unha dinámica global positiva- apréciase neste mes un comportamento parello da demanda segundo a procedencia. Neste sentido increméntase o turismo dos residentes en Galicia -nun 43% en particular- así como o receptor, o que provén de fóra da comunidade -nun 34% aquel de orixe nacional e nun 13% o internacional-. Neste sentido Lugo é a provincia de mellor comportamento do turismo de ámbito nacional dentro de Galicia, coas subas máis destacada tanto do interno coma do que procede do resto do Estado.
- As diferenzas de intensidade no crecemento dos diferentes mercados leva a cambios na estrutura da demanda en Lugo en relación ao pasado ano, gañando peso o turismo de ámbito nacional -en 2,5 puntos o interno e en algo máis dun punto o do resto do Estado- e perdendo en paralelo o internacional -en case catro puntos neste caso-.
- Por vez primeira neste ano o mercado receptor nacional sitúase como o segmento de maior volume e peso na provincia, absorbendo o 45% do total das noites hoteleiras. O interno supón o 29% -segmento que nos primeiros tres meses lideraba o mercado turístico na provincia- ficando o 26% restante para o internacional.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase unha dinámica parella dos dous grandes segmentos de mercado. Así increméntase neste punto o turismo de ámbito nacional e o internacional, en proporcións parellas -ambos dobran as cifras do pasado ano-.
- A estadía media en Lugo increméntase en relación ao pasado ano -nun 4%- para situarse en 1,6 noites. Neste sentido, e en contra do observado nos últimos meses, presenta o valor máis baixo de toda Galicia.
- Con 2,7 noites de media os apartamentos turísticos rexistran a cifra máis alta da oferta de aloxamento na provincia. Marcan distancia respecto das restantes tres modalidades que presentan valores inferiores ás dúas noites -con 1,9 noites os aloxamentos de turismo rural, 1,7 noites os hoteles e 1,3 noites as pensións-. Os hoteles marcan en Lugo o valor da estadía media máis baixo de todas as provincias neste mes de abril. Os apartamentos turísticos, en cambio, a cifra máis elevada.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento parello ao observado do lado da demanda. Así, increméntase en todas as modalidades de aloxamento, con intensidade notable -en máis de seis puntos nos hoteles, pensións e aloxamentos de turismo rural, e en once puntos nos apartamentos turísticos-, como consecuencia en todos os casos dun bo comportamento da demanda.
- Os hoteles marcan a porcentaxe de ocupación máis alta neste cuarto mes do ano, cun 42,6% de media. No lado contrario a cifra máis baixa queda no aloxamento de turismo rural, cun 16,2% neste caso. En termos comparativos Lugo presenta a porcentaxe de ocupación nas pensións máis alta de toda Galicia.



PROVINCIA DE OURENSE

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	24.039	11,8%	48.604	12,0%	2,02	0,2%	37,19%	2,77
PENSIÓNS	5.299	95,5%	8.794	63,1%	1,66	-16,6%	18,39%	6,55
ESTAB. HOTELEIROS	29.338	21,2%	57.398	17,7%	1,96	-2,9%	32,15%	3,72
APTOS. TURÍSTICOS	1.361	145,2%	2.883	81,1%	2,12	-26,2%	23,28%	8,19
TURISMO RURAL	2.162	19,4%	3.932	43,9%	1,82	20,5%	16,12%	4,03
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	3.523	48,9%	6.815	57,6%	1,93	5,8%	-	-
TOTAL	32.861	23,7%	64.213	20,9%	1,95	-2,2%	-	-

- O INE non ofrece tampouco datos de cámpings para a provincia de Ourense. Neste caso o balance global da demanda turística realízase sobre as catro tipoloxías restantes: hoteis, pensións, apartamentos turísticos e aloxamentos de turismo rural.
- Ourense presenta tamén neste mes un comportamento positivo da demanda turística. Neste sentido, o volume de noites sobe nun 21% como consecuencia dun incremento da cifra de viaxeiros aloxados, do 24%, levemente amortiguado por unha caída da estadía media. Con isto Ourense rexistra agora en abril a segunda taxa de crecemento máis alta de toda Galicia.
- Con preto de 33 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 64 mil noites Ourense absorbe o 7,5% do total da demanda de Galicia. Neste sentido é a provincia de menor volume e peso neste mes de abril, cunha porcentaxe parella á dos últimos tres meses e en todo caso superior á observada no verán -cando representaba menos do 5% do total-.
- En Ourense o 90% da demanda concéntrase no segmento hoteleiro -un 76% nos hoteis e un 14% nas pensións-. O 10% restante corresponde ao segmento extrahoteleiro, cun peso similar para os apartamentos turísticos -absorben o 4% do total- fronte ao segmento de turismo rural -representa o 6% neste caso-. Neste sentido Ourense é a provincia con menor peso dos apartamentos turísticos e, pola contra, maior peso do segmento de turismo rural, a nivel interno. O reparto da demanda entre as diferentes tipoloxías mantense relativamente estable en relación ao observado nos últimos meses, consolidándose o forte peso do segmento hoteleiro -tres de cada catro noites en Ourense corresponden só aos hoteis-.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento parello da demanda a nivel das tipoloxías. Neste sentido increméntase o volume de noites en todas elas, con intensidade variable -un 12% nos hoteis, un 44% no segmento de turismo rural, máis dun 60% nas



pensións e máis dun 80% nos apartamentos turísticos. Con isto unha modalidade de aloxamento -o segmento de turismo rural- rexistran en Ourense o mellor comportamento de toda Galicia, por canto rexistran a taxa de crecemento máis elevada.

- Con datos do sector hoteleiro -que absorbe o 90% da demanda- obsérvase un comportamento similar dos tres grandes segmentos de mercado. Neste sentido increméntase o turismo de ámbito nacional -nun 15% o interno e nun 18% o que procede do resto do Estado- así como o internacional -de forma notable, nun 24% neste caso-. Con isto Ourense colócase como a provincia de mellor comportamento relativo do turismo estranxeiro neste cuarto mes do ano, compartindo con Lugo unha evolución homoxénea dos tres grandes segmentos de mercado.
- Con esta dinámica a estrutura do mercado hoteleiro na provincia mantense cun notable peso do turismo de ámbito nacional -co 38% das noites para os residentes en Galicia e co 43% para os que proceden do resto do Estado-, quedando reducido ao 19% o peso do segmento internacional na provincia.
- Dita estrutura apenas cambia en relación ao pasado ano, mellorando o peso do turismo estranxeiro -nun punto porcentuai-, manténdose relativamente estable o receptor nacional e perdendo cuota o interno -tamén nun punto neste caso-.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase un comportamento tamén parello a nivel de mercados, cunha dinámica de maior intensidade á observada no segmento hoteleiro. Sobe así o turismo de ámbito nacional -en máis dun 70%- e o internacional -triplicando os niveis de abril de 2024-. O primeiro absorbe o 90% das noites.
- A estadía media en Ourense sitúase en dúas noites, cifra que descende levemente en relación ao pasado ano -nun 2% en particular-. Con este dato Ourense marca a cifra máis alta de toda Galicia.
- Este mes aprécianse pequenas diferenzas no valor da estadía media segundo a tipoloxía de aloxamento. Os apartamentos turísticos marcan o valor máis alto, con 2,1 noites, por diante dos hoteis -con 2,0 noites-, aloxamentos de turismo rural -con 1,8 noites- e as pensións -con 1,7 noites neste caso-. En termos comparativos os hoteis e pensións de Ourense acadan na provincia o valor da estadía media máis elevado de toda Galicia.
- A dinámica dos niveis de ocupación vai parella á observada do lado da demanda. Así mellora en todas as modalidades con intensidade variable: en preto de tres puntos nos hoteis, en catro puntos no segmento de turismo rural, en máis de seis puntos nas pensións e en oito puntos nos apartamentos turísticos.
- Cun 37,2% de media os hoteis rexistran a cifra de ocupación máis elevada da oferta de aloxamento na provincia de Ourense. As restantes tres tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior: do 23,3% os apartamentos turísticos, do 18,4% as pensións e do 16,1% os aloxamentos de turismo rural.
- Os hoteis e as pensións rexistran en Ourense o nivel de ocupación máis baixo de toda a comunidade.



PROVINCIA DE PONTEVEDRA

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	Nº	Var. Int. 25/24	%	Var. Int. 25/24
HOTEIS	109.915	-0,2%	211.843	5,6%	1,93	5,8%	41,17%	5,13
PENSIÓNS	29.565	152,4%	33.652	75,4%	1,14	-30,5%	35,66%	15,54
ESTAB. HOTELEIROS	139.480	14,5%	245.495	11,7%	1,76	-2,4%	40,31%	6,61
APTOS. TURÍSTICOS	7.576	226,0%	18.218	186,5%	2,40	-12,1%	18,07%	10,71
CAMPINGS	2.527	6,1%	5.978	55,6%	2,37	46,6%	12,32%	-2,77
TURISMO RURAL	2.635	-23,1%	5.771	13,8%	2,19	48,0%	14,33%	3,65
ESTAB. EXTRAHOTELEIROS	12.738	56,6%	29.967	96,2%	2,35	25,3%	-	-
TOTAL	152.218	17,1%	275.462	17,2%	1,81	0,1%	-	-

- O comportamento global da demanda turística en Pontevedra equivale ao observado nas restantes provincias. Neste sentido increméntase o volume de noites neste cuarto mes do ano -nun 17%- nun contexto no que sobe a cifra de viaxeiros aloxados -nunha porcentaxe equivalente- e mantense estable a estadía media. Tal circunstancia leva ao conxunto dos aloxamentos turísticos da provincia a situarse tamén por debaixo dos niveis de 2019.
- O volume global de demanda sitúase por encima das 275 mil noites, o 32% do total da comunidade. Neste sentido Pontevedra sitúase como a segunda provincia de maior peso en Galicia a bastante distancia de A Coruña -logo de liderar o mercado turístico da comunidade no terceiro trimestre do pasado ano-. Ambas absorben o 75% do total das noites de Galicia -porcentaxe algo inferior á dos últimos tres meses-.
- Increméntase a demanda na provincia como consecuencia do comportamento positivo observado en todas as tipoloxías de aloxamento. Así, sobe o número de noites en todas as modalidades, con maior intensidade nos apartamentos turísticos -triplican as cifras do pasado ano- e nas pensións -coa suba do 75%- e de forma máis suave e moderada no segmento de turismo rural -co 14%- e hoteis -co crecemento do 6% neste caso-.
- En Pontevedra concéntranse os crecementos de maior e menor intensidade de toda Galicia. Así os hoteis e aloxamentos de turismo rural amosan os incrementos máis moderados nesta provincia e, pola contra, os apartamentos turísticos e os cámpings as subas de maior notoriedade.




- O 89% da demanda corresponde aos establecementos hoteleiros, cifra que engloba aos hoteis –absorben o 77%– e ás pensións –co 12% neste caso–. O 11% restante queda no segmento extrahoteleiro, con maior peso dos apartamentos turísticos –co 6,6% do total– fronte aos aloxamentos de turismo rural e os cámpings –ambos co 2% do total, respectivamente–.
- Con isto tres de cada catro noites rexístranse nunha soa modalidade –os hoteis–, de aí que o seu comportamento teña unha notable influencia na dinámica global. En cambio, Pontevedra é a provincia con menor peso das pensións e dos aloxamentos de turismo rural.
- A nivel de mercados, dentro do ámbito hoteleiro, rexístrase un comportamento algo diferente ao observado nas restantes provincias. Neste sentido descende agora en abril o turismo interno, dos residentes en Galicia –nun 17%– e increméntase, en paralelo, o receptor –nun 24% aquel de orixe nacional e nun 20% o internacional–.
- A diferenza de comportamento e intensidade nas variacións da demanda provoca cambios na estrutura da mesma. Así neste mes cae o peso do mercado interno increméntase, en paralelo, a cota do receptor nacional –en cinco puntos– e do internacional –en algo máis de dous puntos neste caso–.
- Así, o segmento de maior peso na provincia continúa a ser o receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas–, que supoñen o 47% do total da demanda hoteleira. O mercado internacional representa o 33% ficando o 20% restante para o interno. En consecuencia neste mes, e por vez primeira nos últimos seis, o mercado estranxeiro supera ao interno na provincia. Con esta estrutura Pontevedra fica por debaixo de A Coruña en peso do turismo internacional dentro da estrutura da demanda, absorbendo o 32% do total de Galicia.
- No lado dos apartamentos turísticos, segmento no que o turismo nacional supón o 62% do total das noites, o comportamento dos dous segmentos de mercado é parello. Ambos superan en máis do dobre os niveis de demanda de abril do pasado ano.
- A estadía media nos aloxamentos colectivos de Pontevedra sitúase en 1,8 noites, cifra similar á media da comunidade. En termos dinámicos a estadía mantense estable en relación ao pasado ano mais descende en comparación co 2019 –nun 16% neste caso–.
- Neste contexto a estadía media varía levemente segundo a modalidade de aloxamento. En particular, supera as dúas noites no ámbito non hoteleiro –con 2,4 noites nos apartamentos turísticos e cámpings, e 2,2 noites en turismo rural– e fica por debaixo desa barreira no segmento hoteleiro –con 1,9 noites nos hoteis e 1,1 noites nas pensións–. Estas últimas rexistran o valor máis baixo de toda Galicia. Os aloxamentos de turismo rural, en cambio, presentan en Pontevedra a súa cifra máis alta.
- En termos de ocupación obsérvase neste mes un comportamento relativamente homoxéneo, con melloras xeneralizadas salvo no caso dos cámpings –que a pesar de rexistrar un incremento do número de noites perde case tres puntos de ocupación media–. Os incrementos achéganse aos catro puntos porcentuais en turismo rural, superan os cinco puntos nos hoteis, e os dez puntos tanto nas pensións coma nos apartamentos turísticos.




- Tamén en Pontevedra os hoteis rexistran o nivel de ocupación máis alto da oferta colectiva cun 41,2% de media. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase no aloxamento extrahoteleiro, concretamente nos cámpings -co 12,3%- e no segmento de turismo rural -co 14,3% neste caso-.
- En termos comparativos obsérvase que as pensións rexistran en Pontevedra o nivel de ocupación máis elevado de toda Galicia, co 35,7% de media. Ao mesmo tempo os apartamentos turísticos e os aloxamentos de turismo rural presentan a porcentaxe de ocupación máis baixa de todas as provincias.




Reparto da demanda turística nos alox. colectivos. Noites abril 2025



Variación da demanda turística nos alox. colectivos. Noites abril 2025/24



Reparto da demanda por tipoloxías, en cada provincia. Noites abril 2025



Estadía media, por tipoloxía e provincia. Abril 2025

